



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 26 DE MARZO DE 2026

En Laxe, sendo as 20:00 horas do 26 de marzo de 2026, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Fernando del Moral Regaldíe, concelleiro non adscrito.

Non asisten:

Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Don Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS: 29/01/2026, 05/02/2026 E 24/02/2026. EXPTE. NÚM. 2026/G006/000006.

Dase conta dos borradores das actas das sesións anteriores de datas para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Dona Isabel María Toja Toja, concelleira do BNG, manifesta que o punto 3.2 relativo á moción presentada polo BNG de Laxe relativa ás consecuencias para a frota artesanal galega da entrada en vigor do regulamento de control da pesca da Unión Europea que figura na acta do Pleno ordinario de data 29/01/2026 foi defendida por ela mesma.

Non habendo intervencións, sométense a votación os borradores de 29/01/2026, 05/02/2026 e 24/02/2026, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo) 2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do concelleiro non adscrito (Don Fernando del Moral Regaldíe)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Queda por tanto, aprobados os borradores do pleno de datas 29/01/2026, 05/02/2026 e 24/02/2026.

2. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚM. 2026/X999/000026 SOBRE CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 4/2026.

Dase conta da seguinte proposta:

*“PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 4/2026 E PAGO DE FACTURAS.
EXP. Nº: 2026/X999/000026*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Sométese a aprobación do Pleno da Corporación as facturas pola prestación do servizo de axuda no fogar, polas modalidades de dependencia e libre concurrencia, correspondente aos meses de xaneiro e febreiro de 2026, presentadas pola empresa prestadora do servizo Senes Cit S.L.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	ercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformada
F/2026/125	18/02/2026	01 530	18/02/2026	4515,23	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XANEIRO 2026 / HORAS EN DIAS LABORAIS	2026 231 22799 2026/3/SSSAD	03/03/2026
F/2026/126	18/02/2026	01 529	18/02/2026	30810,4	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XANEIRO 2026 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS	2026 231 22799 2026/3/SSSAD	03/03/2026
F/2026/213	17/03/2026	01 548	17/03/2026	4218,58	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. FEBREIRO 2026 / HORAS EN DIAS LABORAIS	2026 231 22799 2026/3/SSSAD	17/03/2026
F/2026/214	17/03/2026	01 547	17/03/2026	30919,7	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. FEBREIRO 2026 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS	2026 231 22799 2026/3/SSSAD	17/03/2026

O servizo de axuda no fogar é un servizo municipal integral, polivalente e comunitario, orientado a unidades familiares que presentan dificultades para a realización de actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención, mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu entorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional. Estamos, por tanto, ante un servizo esencial que ten unha alta demanda, motivada principalmente polo avellentamento da poboación.

Considerando que o actual expediente de contratación coa empresa Senes Cit S.L. excede dos límites do contrato menor, iniciouse o expediente de contratación da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Laxe, número 2025/C004/000002, estando en fase de elaboración dos pregos. Por ser un servizo imprescindible para a poboación faise necesario o mantemento do mesmo, sen posibilidade de suspender a súa execución, motivo polo que continúaase a prestación pola empresa SENES CIT S.L. ata a licitación do novo contrato dacordo cos procedementos legamente establecidos.

ANTECEDENTES:

Proposta de alcaldía de pago de facturas de data 17/03/2026.

Solicitude de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora 17/03/2026.

Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado por esta Alcaldía o día 20/03/2026.

Informe de omisión de fiscalización, asinado pola Secretaría-intervención o 20/03/2026, conforme ao art. 28 do RD 424/2017 de 28 de abril.

CONSIDERACIÓNS:

PRIMEIRA.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente obsérvase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.

A lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, dispón na súa Disposición Adicional 2ª. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.

1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido a os recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme o apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.

De conformidade co Informe de intervención de data 20/03/2026 o órgano competente sería o Pleno da Corporación por superar os importes indicados na D.A. 2ª parágrafo 1º da Lei contratos do sector Público.

SEGUNDA.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado, servizo que se considera esencial para a poboación de Laxe.

Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 17/02/2026.

Por outra banda, de acordo ao previsto no artigo 110 da Lei 39/2015, esta alcaldía entende que non procedería instar a revisión de oficio, dado que esta resultaría contraria á equidade, á boa fe, aos dereitos dos particulares ou ás leis.

Dacordo cos antecedentes e consideracións indicadas, de conformidade co establecido no artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, aprobando e recoñecendo as obrigas correspondentes á relación de facturas abaixo relacionadas, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformada
F/2026/125	18/02/2026	01 530	18/02/2026	4515,23	CO	B15724719	SENEC CIT SL	PRESTACIÓ SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XANEIRO 2026 / HORAS EN DIAS LABORAIS	2026 231 22799 2026/3/ SSSAD	03/03/2026
F/2026/126	18/02/2026	01 529	18/02/2026	30810,4	CO	B15724719	SENEC CIT SL	PRESTACIÓ SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XANEIRO 2026 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS	2026 231 22799 2026/3/ SSSAD	03/03/2026
F/2026/213	17/03/2026	01 548	17/03/2026	4218,58	CO	B15724719	SENEC CIT SL	PRESTACIÓ SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. FEBREIRO 2026 / HORAS EN DIAS LABORAIS	2026 231 22799 2026/3/ SSSAD	17/03/2026
F/2026/214	17/03/2026	01 547	17/03/2026	30919,7	CO	B15724719	SENEC CIT SL	PRESTACIÓ SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. FEBREIRO 2026 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS	2026 231 22799 2026/3/ SSSAD	17/03/2026

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos; así como ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar."

Intervén o sr. alcalde explicando brevemente a proposta, indicando a próxima licitación do servizo.

A concelleira do BNG, dona María Cristina Vázquez del Prisco e o concelleiro non adscrito, don Fernando del Moral Regaldíe, manifestan o seu desacordo debido ao retraso na licitación do servizo.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 3 [2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do concelleiro non adscrito (Don Fernando del Moral Regaldíe)]



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, aprobando e recoñecendo as obrigas correspondentes á relación de facturas abaixo relacionadas, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformada
F/2026/125	18/02/2026	01 530	18/02/2026	4515,23	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XANEIRO 2026 / HORAS EN DIAS LABORAIS	2026 231 22799 2026/3/ SSSAD	03/03/2026
F/2026/126	18/02/2026	01 529	18/02/2026	30810,4	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XANEIRO 2026 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS	2026 231 22799 2026/3/ SSSAD	03/03/2026
F/2026/213	17/03/2026	01 548	17/03/2026	4218,58	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. FEBREIRO 2026 / HORAS EN DIAS LABORAIS	2026 231 22799 2026/3/ SSSAD	17/03/2026
F/2026/214	17/03/2026	01 547	17/03/2026	30919,7	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. FEBREIRO 2026 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS	2026 231 22799 2026/3/ SSSAD	17/03/2026

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos; así como ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

3. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE APOIO E DINAMIZACIÓN DO TURISMO DO CONCELLO DE LAXE 2026. EXPTE. NÚM. 2026/A007/000001.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE APOIO E DINAMIZACIÓN DO TURISMO NO CONCELLO DE LAXE 2026 para o que se solicita unha subvención nominativa para o seu financiamento á Deputación Provincial da Coruña

Expediente Municipal número 2026/A007/000001

Tendo en conta que o Turismo é un sector fundamental para o Concello de Laxe e desta importancia, repercusión e incidencia da conta a súa declaración como Municipio Turístico de Galicia [DOGA núm. 237 do luns 10/12/2007].

Valorando que do sector turístico depende en gran medida a hostalería, o comercio e cada vez máis a pesca e a construción. Na actualidade a chegada de turistas ao noso municipio se concentra principalmente nos meses de verán e semana santa, pero cada ano son moitos os que acoden ata o noso municipio noutras épocas do ano buscando descanso e tranquilidade.

Visto que o turismo que combina lecer, natureza e cultura busca novas experiencias, combinando o gozar do tempo libre coa aprendizaxe, a natureza, a historia e a gastronomía local. Para o ano 2026, a tendencia céntrase en viaxes con propósito, onde se dá prioridade a autenticidade e o patrimonio en destinos que ofrecen un deseño sensorial completo.

Estimando que cada ano o turismo é máis esixente, pois os turistas que nos visitan van na procura da autenticidade, particularización extrema, sustentabilidade e experiencias exclusivas, afastándose do turismo de masas. Os novos viaxeiros dan máis prioridade ao "slow travel" (viaxar lento), a conexión cultural profunda, o contacto coa natureza, o benestar emocional.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Estimando que nun concello rural como o noso, pero no que o turismo ten un peso vital e esencial para o noso desenvolvemento económico, que ademais carece de servizos propios de destinos moi consolidados, convertese nunha necesidade a programación de actividades do gusto dos que nos visitan, sen esquecer a experiencia de gozar dunha cultura de seu nunha contorna ambiental única.

Así pois, é vontade desta Corporación coa redacción e desenvolvemento dun "Programa de apoio e dinamización do turismo no Concello de Laxe 2026", mellorar a oferta de actividades culturais que os nosos turistas se poden atopar na súa visita ao noso concello.

Visto que este "Programa de apoio e dinamización do turismo no Concello de Laxe 2026" recolle un programa de actividades que contempla catro eixes principais de actuación:

1. "LECEAO AIRE LIBRE":

Unha programación ao aire libre nos meses de verán para a proxección de películas, series, audiovisuais, certames ou campionatos. O fin é aproveitar os días de verán para que os veciños e turistas que nos visitan poidan aproveitar e compartir os serán en compañía vendo nunha gran pantalla cine, campionatos, series...

2. ESCOLA DE VERÁN ISIDRO PARGA PONDAL:

Se programarán unha serie de actividades para a difusión da xeoloxía, o seminario de estudos galegos e a obra do ilustre xeólogo local Isidro Parga Pondal.

A intención é desenvolver durante os meses de verán unha escola de verán repleta de actividades (charlas, cursos, simposios, obradoiros...) relacionados co mundo da ciencia, e máis concretamente a xeoloxía, e a vida e obra de Isidro Parga Pondal.

– ACTIVIDADES DE FOMENTO DO TURISMO CULTURAL:

Na procura da autenticidade e da singularidade do noso destino, o Concello de Laxe poñerá en marcha unha programación de actividades para dar a coñecer a nosa historia e os nosos monumentos, con especial interese por aqueles que están declarados BIC de Galicia.

A parte dunha abraiante natureza, o noso concello dispón dun rico e variado patrimonio cultural que abarca desde o patrimonio relixioso, o civil, etnográfico, arqueolóxico ata o industrial. O obxectivo destas actividades é facilitar o achegamento dos nosos visitantes aos lugares nos que se atopan os nosos recursos culturais máis destacados e dar a coñecer a nosa historia oculta a todos aqueles que nos visitan e aos nosos veciños.

Entre as actividades a realizar teríamos:

- Xornadas de Turismo arquitectónico, patrimonial e cultural:

Un experto no patrimonio relixioso ou civil ensinará estes espazos, impartindo unha clase maxistral sobre os elementos arquitectónicos e artísticos máis salientables dos monumentos, acompañado de actividades socioculturais para o público asistente..

- A realización dun traballo de investigación sobre a "Historia Marítima de Laxe" desde a Idade Media ata a actualidade:

Para tal fin se contratara un historiador que poida consultar todos aqueles arquivos históricos a nivel galego, estatal ou europeo que conteñan información histórica sobre o noso pasado. Unha vez realizado esta investigación, o informe final de todo o obtido quedaría plasmado para a posteridade nun libro.

– ADQUISICIÓN DE MERCHANDISE TURÍSTICO (BOLSAS, GORRAS, PANOS...) PARA A PROMOCIÓN DO NOSO CONCELLO.

Este material non inventariable será empregado nas diferentes actividades que organiza o Concello de Laxe ao longo do ano (campionatos deportivos, certames, festas, concertos...).

Visto que o orzamento total deste programa ascende a 25.000€. Solicítase á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa de 20.000€ que supón o 80% do gasto, sendo a achega municipal de 5.000€ que é o 20% restante.

O orzamento desagregado para este programa para o que se solicita subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña é o seguinte:

PROGRAMA DE APOIO E DINAMIZACIÓN DO TURISMO NO CONCELLO DE LAXE 2026	
Concepto	Importe total
LECEAO AIRE LIBRE	7.000€
Escola de Verán "Isidro Parga Pondal"	5.000€



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Xornadas de Turismo arquitectónico, patrimonial e cultural	4.000€
Traballo de Investigación “Historia Marítima de Laxe”	6.000€
Merchandaxe / outro material non inventariable (bolsas, calendarios, gorras, panos...)	3.000€
Total	25.000€

Visto que a persoa responsable deste programa de actividades é Francisco Charlín Orons, alcalde do Concello de Laxe, e que a persoa responsable da coordinación deste programa de actividades é Raquel Lema Allo, Concelleira de Comercio, Hostalería, Turismo e Cultura de Laxe.

Considerando que neste “Programa de apoio e dinamización do turismo no Concello de Laxe 2026” concorren razóns evidentes de interese público de carácter económico e social que xustifican a concesión directa da axuda solicitada a Deputación Provincial da Coruña, para que, no fomento dos intereses peculiares da provincia, contribúa economicamente no desenvolvemento da actividade.

Considerando que o programa que se propón supón unha medida de compensación tendo en conta que o Concello de Laxe ten unha declaración oficial como “Municipio Turístico Galego” que evidencia o peso deste sector na economía local. Esta maior dependencia do Concello de Laxe do sector turístico respecto a outros Concellos, conleva un maior esforzo financeiro na atención daquelas persoas que pasan as súas vacacións connosco, o que supón unha verdadeira carga fiscal para un concello como o noso. Cos recursos e o orzamento dun concello de 3.000 habitantes temos que atender a unha poboación flotante durante todo o ano que pode superar os 40.000 habitantes, sendo os meses de verán a época máis dura para o noso concello.

Considerando que as deputacións provinciais en España teñen como unha das súas funcións principais e constitucionais o apoio técnico, económico e xurídico aos municipios pequenos (xeralmente menores de 20.000 habitantes, e con especial énfase nos de menos de 5.000).

Considerando que tal é a súa importancia nesta apoio aos pequenos concellos, que no borrador da nova lei de administración local de Galicia que o actual goberno da Xunta de Galicia pretende levar a cabo reforza o papel das deputacións provinciais, concretando as funcións destas entidades como garantes da autonomía local. Nesta liña, apóstase por unha maior asistencia aos concellos máis pequenos ou con máis dificultades na prestación dos servizos municipais.

Polo exposto, cabe concluír que concorren claras razóns do interese público, económico e social deste programa, que xustifican a concesión directa de axuda económica solicitada polo Concello de Laxe ante a Deputación Provincial da Coruña.

Visto o que antecede e de conformidade coas atribucións conferidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, proponho ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte,

- ACORDO:
- 1.- Aprobar este “Programa de actividades de apoio e dinamización do turismo no Concello de Laxe 2026”.
 - 2.- Declarar que concorren de forma clara razóns de interese público, económico e social neste programa, que xustifican a concesión directa de axuda económica solicitada polo Concello de Laxe ante a Deputación Provincial da Coruña.
 - 3.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa por importe de 20.000€ que corresponde ao 80% do orzamento total deste programa que ascende a 25.000€. A achega Municipal é de 5.000€, que supón o 20% restante.
 - 4.- Facultar a Francisco Charlín Orons, alcalde do Concello de Laxe, para asinar o convenio correspondente coa Deputación Provincial da Coruña en nome e representación deste concello.
 - 5.- Achegar un certificado deste acordo xunto co resto da documentación requirida á Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma Subtel para a formalización do correspondente convenio de colaboración. “

Intervén o sr. alcalde explicando brevemente a proposta tras o cal intervén a voceira do BNG indicando a necesidade da desestacionalización das actividades, ao que o sr. alcalde resposta que haberá actividades despois do verán.

O concelleiro non adscrito, don Fernando del Moral Regaldíe, sinala a necesidade da maior apertura da igrexa como BIC para a súa visita, sinalando o sr. alcalde a dependencia do monaguillo para a posible apertura, ao que o concelleiro do Grupo Mixto suxire a encomenda a algún técnico municipal.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo) 2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do concelleiro non adscrito (Don Fernando del Moral Regaldíe)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

1.- Aprobar este "Programa de actividades de apoio e dinamización do turismo no Concello de Laxe 2026".

2.- Declarar que concorren de forma clara razóns de interese público, económico e social neste programa, que xustifican a concesión directa de axuda económica solicitada polo Concello de Laxe ante a Deputación Provincial da Coruña.

3.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa por importe de 20.000€ que corresponde ao 80% do orzamento total deste programa que ascende a 25.000€. A achega Municipal é de 5.000€, que supón o 20% restante.

4.- Facultar a Francisco Charlín Oróns, alcalde do Concello de Laxe, para asinar o convenio correspondente coa Deputación Provincial da Coruña en nome e representación deste concello.

5.- Achegar un certificado deste acordo xunto co resto da documentación requirida á Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma Subtel para a formalización do correspondente convenio de colaboración.

4. APROBACIÓN DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DE INFORMACIÓN DO CONCELLO DE LAXE. EXPTE. NÚM. 2024/G013/000004.

Dase conta da seguinte proposta:


"PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACIÓN DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN DO CONCELLO DE LAXE

O Concello de Laxe, depende dos sistemas TIC (Tecnoloxías de Información e Comunicazóns) para alcanzar os seus obxectivos, exercer as súas competencias e prestar os servizos que ten atribuídos. Estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, tomando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados que poidan afectar á dispoñibilidade, integridade ou confidencialidade da información tratada ou os servizos prestados.

O obxectivo da seguridade da información é garantir a confidencialidade, integridade, autenticidade e trazabilidade da información e a prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

Os sistemas TIC deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, uso previsto e valor da información e os servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións da contorna para garantir a prestación continua dos servizos. Isto implica que os departamentos deben aplicar as medidas mínimas de seguridade esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade, así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades reportadas, e preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

Esta Política aplicarase aos sistemas de información do Concello de Laxe, que están relacionados co exercicio de dereitos por medios electrónicos, co cumprimento de deberes por medios electrónicos ou co acceso á información ou ao procedemento administrativo e que se atopan dentro do ámbito de aplicación do Esquema Nacional de Seguridade (ENS).



SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello a Política de Seguridade da Información do Concello de Laxe.

POLÍTICA DE SEGURIDADE



O Concello de Laxe, depende dos sistemas TIC (Tecnoloxías de Información e Comunicacóns) para alcanzar os seus obxectivos, exercer as súas competencias e prestar os servizos que ten atribuídos. Estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, tomando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados que poidan afectar á dispoñibilidade, integridade ou



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

confidencialidade da información tratada ou os servizos prestados.

O obxectivo da seguridade da información é garantir a confidencialidade, integridade, autenticidade e trazabilidade da información e a prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

Os sistemas TIC deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, uso previsto e valor da información e os servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións da contorna para garantir a prestación continua dos servizos. Isto implica que os departamentos deben aplicar as medidas mínimas de seguridade esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade, así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades reportadas, e preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

Os diferentes departamentos deben confirmarse de que a seguridade TIC é unha parte integral de cada etapa do ciclo de vida do sistema, desde a súa concepción ata a súa retirada de servizo, pasando polas decisións de desenvolvemento ou adquisición e as actividades de explotación. Os requisitos de seguridade e a valoración do seu custo, deben ser identificados e incluídos na planificación, na solicitude de ofertas, e en pregos de licitación para proxectos de TIC.

2.MISIÓN DO CONCELLO DE LAXE

O Concello de Laxe, para a xestión dos seus intereses e das funcións e competencias que ten atribuídas en diferentes normas ou convenios, promove actividades e aguzosa servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da poboación. Para iso pon ao dispor desta a realización de trámites online co obxectivo de impulsar a tramitación electrónica dos procedementos administrativos, a mellora na prestación dos servizos e a participación da cidadanía nos asuntos públicos establecendo, deste xeito, novas vías de participación que garantan o desenvolvemento da democracia participativa e a mellora da eficacia e eficiencia da acción pública.

Deséxase potenciar doutra banda o uso das novas tecnoloxías no Concello e na propia cidadanía. Os principais obxectivos que se perseguen entre outros son: fomentar a relación electrónica da cidadanía co Concello, crear a confianza necesaria entre cidadán e Concello nesta relación.

3.ALCANCE

Esta Política aplicarase aos sistemas de información do Concello de Laxe, que están relacionados co exercicio de dereitos por medios electrónicos, co cumprimento de deberes por medios electrónicos ou co acceso á información ou ao procedemento administrativo e que se atopan dentro do ámbito de aplicación do Esquema Nacional de Seguridade (ENS).

4.MARCO NORMATIVO

O marco normativo que afecta o desenvolvemento das actividades e competencias do Concello de Laxe en materia de Administración Electrónica, e que esixe a implantación de medidas de seguridade nos sistemas de información, atópase recolleito nun documento independente denominado RE_002 Registro de Normas Jurídicas del Marco Legal y Regulatorio v3.xlsx.

Este documento recompila a lexislación aplicable, así como as normas sectoriais, autonómicas e complementarias que resulten de aplicación, incluídas as Instrucións Técnicas de Seguridade aprobadas por resolución da Secretaría de Estado de Administracións Públicas e as guías de seguridade publicadas polo Centro Criptolóxico Nacional (CCN) no marco do Esquema Nacional de Seguridade.

A responsabilidade de manter actualizado o marco normativo corresponde ao Concello de Laxe, garantindo que este documento independente estea dispoñible e accesible para todos os órganos e persoal suxeitos ao ámbito de aplicación da presente Política.

5.CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MÍNIMOS DE SEGURIDADE

O Concello de Laxe, para lograr o cumprimento do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, que recolle os principios básicos e dos requisitos mínimos, implementou diversas medidas de seguridade proporcionais á natureza da información e os servizos para protexer e tendo en conta a categoría dos sistemas afectados.

A seguridade como un proceso integral e mínimo privilexio

A seguridade enténdese como un proceso integral constituído por todos os elementos técnicos, humanos, materiais, xurídicos e organizativos, relacionados co sistema. A aplicación do Esquema Nacional de Seguridade ao Concello de Laxe, estará presidida por este principio, que exclúe calquera actuación puntual ou tratamento conxuntural.

Prestarase a máxima atención á concienciación das persoas que interveñen no proceso e aos seus



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

responsables xerárquicos, para evitar que, a ignorancia, a falta de organización e coordinación, ou de instrucións inadecuadas, constituír fontes de risco para a seguridade.

Os sistemas de información deben deseñarse e configurarse outorgando os mínimos privilexios necesarios para o seu correcto desempeño, o que implica incorporar os seguintes aspectos:

a) O sistema proporcionará a funcionalidade imprescindible para que a organización alcance os seus obxectivos competenciais ou contractuais.

b) As funcións de operación, administración e rexistro de actividade serán as mínimas necesarias, e asegurase que só son desenvolvidas polas persoas autorizadas, desde emprazamentos ou equipos así mesmo autorizados; podendo esixirse, no seu caso, restricións de horario e puntos de acceso facultados.

c) Nun sistema de explotación elimínanse ou desactivarán, mediante o control da configuración, as funcións que sexan innecesarias ou inadecuadas ao fin que se persegue. O uso ordinario do sistema ha de ser sinxelo e seguro, de forma que unha utilización insegura requira dun acto consciente por parte do usuario.

d) Aplícanse guías de configuración de seguridade para as diferentes tecnoloxías, adaptadas á categorización do sistema, para o efecto de eliminar ou desactivar as funcións que sexan innecesarias ou inadecuadas.

Vixilancia continua, reevaluación periódica e Integridade, actualización do sistema e mellora continua do proceso de seguridade

A vixilancia continua por parte do Concello de Laxe permitirá a detección de actividades ou comportamentos anómalos e a súa oportuna resposta.

A avaliación permanente do estado da seguridade dos activos permitirá medir a súa evolución, detectando vulnerabilidades e identificando deficiencias de configuración.

As medidas de seguridade se reevalúan e actualízanse periodicamente, adecuando a súa eficacia á evolución dos riscos e os sistemas de protección, podendo chegar a unha reconsideración da seguridade, se fose necesario.

A inclusión de calquera elemento físico ou lóxico no catálogo actualizado de activos do sistema, ou a súa modificación, requirirá autorización formal previa.

A avaliación e monitoraxe permanentes permitirán adecuar o estado de seguridade dos sistemas atendendo as deficiencias de configuración, as vulnerabilidades identificadas e as actualizacións que lles afecten, así como a detección temperá de calquera incidente que teña lugar sobre os mesmos.

O proceso integral de seguridade implantado deberá ser actualizado e mellorado de forma continua. Para iso, aplícanse os criterios e métodos recoñecidos na práctica nacional e internacional relativos á xestión da seguridade das tecnoloxías da información

Xestión de persoal e profesionalidade

Todo o persoal, propio ou alleo relacionado cos sistemas de información do Concello de Laxe, dentro do ámbito do ENS, serán formados e informados dos seus deberes, obrigacións e responsabilidades en materia de seguridade. A súa actuación será supervisada para verificar que se seguen os procedementos establecidos.

O significado e alcance do uso seguro do sistema concretarase e plasmará nunhas normas de seguridade que serán aprobadas pola dirección ou o órgano superior correspondente. De igual modo, determinaranse os requisitos de formación e experiencia necesaria do persoal para o desenvolvemento do seu posto de traballo.

A seguridade dos sistemas de información estará atendida e será revisada e auditada por persoal cualificado, dedicado e instruído en todas as fases do seu ciclo de vida: planificación, deseño, adquisición, construción, despregamento, explotación, mantemento, xestión de incidencias e desmantelamento.

De maneira obxectiva e non discriminatoria esixírase que as organizacións que nos proporcionan servizos contén con profesionais cualificados e cuns niveis idóneos de xestión e madurez dos servizos prestados.

Xestión da seguridade baseada nos riscos, análises e xestión de riscos

A análise e a xestión dos riscos será parte esencial do proceso de seguridade e será unha actividade continua e permanentemente actualizada.

A xestión dos riscos permitirá o mantemento dunha contorna controlada, minimizando os riscos a niveis aceptables. A redución a estes niveis realízase mediante unha apropiada aplicación de medidas de seguridade, de maneira equilibrada e proporcionada á natureza da información tratada, dos servizos



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

para prestar e dos riscos aos que estean expostos.

Esta xestión realizarase por medio da análise e tratamento dos riscos aos que está exposto o sistema. Sen prexuízo do disposto no anexo II, empregarase algunha metodoloxía recoñecida internacionalmente. As medidas adoptadas para mitigar ou suprimir os riscos deberán estar xustificadas e, en todo caso, existirá unha proporcionalidade entre elas e os riscos.

Incidentes de seguridade, prevención, detección, reacción e recuperación

O Concello de Laxe, dispón de procedementos de xestión de incidentes de seguridade de acordo co previsto no artigo 33, a Instrución Técnica de Seguridade correspondente, e de mecanismos de detección, criterios de clasificación, procedementos de análises e resolución, así como dos leitos de comunicación ás partes interesadas.

A seguridade do sistema contemplará as accións relativas aos aspectos de prevención, detección e resposta, ao obxecto de minimizar as súas vulnerabilidades e lograr que as ameazas sobre o mesmo non se materialicen ou que, no caso de facelo, non afecten gravemente á información que manexa ou aos servizos que aguzosa.

As medidas de prevención poderán incorporar compoñentes orientados á disuasión ou á redución da superficie de exposición, deben eliminar ou reducir a posibilidade de que as ameazas cheguen a materializarse.

As medidas de detección irán dirixidas a descubrir a presenza dun ciberincidente.

As medidas de resposta xestionaranse en tempo oportuno, estarán orientadas á restauración da información e os servizos que puidesen verse afectados por un incidente de seguridade.

O sistema de información garantirá a conservación dos datos e información en soporte electrónico.

De igual modo, o sistema manterá dispoñibles os servizos durante todo o ciclo vital da información dixital, a través dunha concepción e procedementos que sexan a base para a preservación do patrimonio dixital.

Existencia de liñas de defensa e prevención ante outros sistemas de información interconectados

O Concello de Laxe, implementou unha estratexia de protección do sistema de información constituída por múltiples capas de seguridade, constituídas por medidas organizativas, físicas e lóxicas, de tal forma que cando unha capa foi comprometida permita desenvolver unha reacción adecuada fronte aos incidentes que non puideron evitarse, reducindo a probabilidade de que o sistema sexa comprometido no seu conxunto e minimizar o impacto final sobre o mesmo.

Protexerase o perímetro do sistema de información, especialmente, cando o sistema do Concello se conecta a redes públicas, tal e como se definen na lexislación vixente en materia de telecomunicacións, reforzándose as tarefas de prevención, detección e resposta a incidentes de seguridade.

En todo caso, analizaranse os riscos derivados da interconexión do sistema con outros sistemas e controlarase o seu punto de unión. Para a adecuada interconexión entre sistemas estarase ao disposto na Instrución Técnica de Seguridade correspondente.

Diferenciación de responsabilidades, organización e implantación do proceso de seguridade

O Concello de Laxe, organizou a súa seguridade comprometendo a todos os membros da corporación mediante a designación de diferentes roles de seguridade con responsabilidades claramente diferenciadas, tal e como se recolle no apartado de “MODELO DE GOBERNANZA” do presente documento.

Autorización e control dos accesos

O Concello de Laxe, implementou mecanismos de control de acceso ao sistema de información, limitándoo aos usuarios, procesos, dispositivos e outros sistemas de información, debidamente autorizados, e exclusivamente ás funcións permitidas.

Protección das instalacións

O Concello de Laxe, implementou mecanismos de control de acceso físico, previndo os accesos físicos non autorizados, así como os danos á información e aos recursos, mediante perímetros de seguridade, controis físicos e proteccións xerais en áreas.

Adquisición de produtos de seguridade e contratación de servizos de seguridade

Para a adquisición de produtos ou contratación de servizos de seguridade o Concello de Laxe, terá en conta a utilización de forma proporcionada á categoría do sistema e o nivel de seguridade determinado, aqueles que teñan certificada a funcionalidade de seguridade relacionada co obxecto da súa adquisición.

Para a contratación de servizos de seguridade atenderase ao sinalado en canto á profesionalidade.

Protección da información almacenada e en tránsito e continuidade da actividade



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O Concello de Laxe, prestará especial atención á información almacenada ou en tránsito a través dos equipos ou dispositivos portátiles ou móbiles, os dispositivos periféricos, os soportes de información e as comunicacións sobre redes abertas, que deberán analizarse especialmente para lograr unha adecuada protección.

Aplicaranse procedementos que garantan a recuperación e conservación a longo prazo dos documentos electrónicos producidos polos sistemas de información comprendidos no ámbito de aplicación deste real decreto, cando iso sexa esixible.

Toda información en soporte non electrónico que fose causa ou consecuencia directa da información electrónica á que se refire este real decreto, deberá estar protexida co mesmo grao de seguridade que esta. Para iso, aplicaranse as medidas que correspondan á natureza do soporte, de conformidade coas normas que resulten de aplicación.

Os sistemas dispoñerán de copias de seguridade e estableceranse os mecanismos necesarios para garantir a continuidade das operacións en caso de perda dos medios habituais.

Rexistro de actividade e detección de código daniño

O Concello de Laxe, co propósito de satisfacer o obxecto deste real decreto, con plenas garantías do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos afectados, e consonte a normativa sobre protección de datos persoais, de función pública ou laboral, e demais disposicións que resulten de aplicación, rexistrará as actividades dos usuarios, retendo a información estritamente necesaria para monitorar, analizar, investigar e documentar actividades indebidas ou non autorizadas, permitindo identificar en cada momento á persoa que actúa.

Ao obxecto de preservar a seguridade dos sistemas de información, garantindo a rigorosa observancia dos principios de actuación das Administracións públicas, e de conformidade co disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos e o respecto aos principios de limitación da finalidade, minimización dos datos e limitación do prazo de conservación alí enunciados, o Concello poderá, na medida estritamente necesaria e proporcionada, analizar as comunicacións entrantes ou saíntes, e unicamente para os fins de seguridade da información, de forma que sexa posible impedir o acceso non autorizado ás redes e sistemas de información, deter os ataques de denegación de servizo, evitar a distribución malintencionada de código daniño así como outros danos ás preditas redes e sistemas de información.

Para corrixir ou, no seu caso, esixir responsabilidades, cada usuario que acceda ao sistema de información deberá estar identificado de forma única, de modo que se saiba, en todo momento, quen recibe dereitos de acceso, de que tipo son estes, e quen realizou unha determinada actividade.

Infraestruturas e servizos comúns

O Concello de Laxe, terá en conta que a utilización de infraestruturas e servizos comúns das administracións públicas, incluídos os compartidos ou transversais, facilitará o cumprimento do disposto neste real decreto.

Perfis de cumprimento específicos e acreditación de entidades de implementación de configuracións seguras

O Concello de Laxe, terá en conta a aplicación daqueles perfís de cumprimento específicos para Entidades Locais que sexan de aplicación.

6. MODELO DE GOBERNANZA

Para garantir o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade e establecer a organización da seguridade da información no Concello de Laxe, designará roles de seguridade e constituirá un Comité de Seguridade da información.

6.1 Roles ou perfís de seguridade

Para garantir o cumprimento e a adaptación das medidas esixidas regulamentariamente, créanse roles ou perfís de seguridade e designáronse os cargos ou órganos que os ocuparán, do seguinte modo:

Responsable/s de Información: Alcaldía do Concello

- Responsable dos Servizos: Alcaldía do Concello
- Responsable de Seguridade: Secretaría-Intervención do Concello
- Responsable do Sistema: Xefatura de Negociado de Intervención e Contabilidade do Concello

6.2 Comité de Seguridade da Información

Constituíuse un Comité de Seguridade da Información, como órgano colexiado, e está formado polos seguintes membros:

- Presidente/a: Alcaldía do Concello
- Secretario/a: Secretaría-Intervención do Concello



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- **Vocais:**
 - o **Responsable de Seguridade. Secretaría-Intervención do Concello**
 - o **Responsable do Sistema. Xefatura de Negociado de Intervención e Contabilidade do Concello**
 - **Delegado de Protección de datos (DPD):** con funcións de asesoramento e supervisión en materia de protección de datos, cuxas funcións exercerá un funcionario do concello ou a persoa física ou xurídica contratista do servizo de Protección de datos, apoiando o Responsable de Supervisión, con funcións de asesoramento e supervisión en materia de protección de datos
- Os Responsables da Información e dos Servizos serán convocados en función dos asuntos para tratar. Así mesmo, e con carácter opcional, poderán incorporarse aos labores do Comité grupos de traballo especializados, xa sexan de carácter interno, externo ou mixto.

Os membros do Comité serán renovados cada catro anos ou con ocasión de vacante.

6.3 Responsabilidades asociadas ao Esquema Nacional de Seguridade

A continuación, detállanse e establécense as funcións e responsabilidades de cada un dos roles de seguridade ENS:

Funcións do Responsable da Información e dos Servizos

- Establecer e aprobar os requisitos de seguridade aplicables ao servizo e a información dentro do marco establecido no anexo I do Real Decreto do Esquema Nacional de Seguridade.
- Aceptar os niveis de risco residual que afecten o Servizo e á Información.

Funcións do Responsable de Seguridade

- Manter e verificar o nivel adecuado de seguridade da Información manexada e dos servizos electrónicos prestados polos sistemas de información.
- Promover a formación e concienciación en materia de seguridade da información.
- Designar responsables da execución da análise de riscos, da declaración de aplicabilidade, identificar medidas de seguridade, determinar configuracións necesarias, elaborar documentación do sistema.
- Determinar a categoría do sistema, en función das valoracións da información e os servizos realizadas polos seus respectivos responsables.
- Participar na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e chegado o caso nos plans de continuidade, procedendo á súa validación.
- Xestionar as revisións externas ou internas do sistema.
- Xestionar os procesos de certificación.
- Elevar á Dirección a aprobación de cambios e outros requisitos do sistema.

Funcións do Responsable do Sistema

- Paralizar ou dar suspensión ao acceso a información ou prestación de servizo se ten o coñecemento de que estes presentan deficiencias graves de seguridade.
- Desenvolver, operar e manter o sistema de información durante todo o seu ciclo de vida.
- Elaborar os procedementos operativos necesarios.
- Definir a topoloxía e a xestión do Sistema de Información establecendo os criterios de uso e os servizos dispoñibles no mesmo.
- Confirmarse de que as medidas específicas de seguridade intégranse adecuadamente dentro do marco xeral de seguridade.
- Prestar ao Responsable de Seguridade da Información asesoramento para a determinación da Categoría do Sistema.
- Colaborar, se así se lle require, na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e, chegado o caso, nos plans de continuidade.
- Levar a cabo as funcións do administrador da seguridade do sistema:
- A xestión, configuración e actualización, no seu caso, do hardware e software nos que se basean os mecanismos e servizos de seguridade.
- A xestión das autorizacións concedidas aos usuarios do sistema, en particular os privilexios concedidos, incluíndo a monitoraxe da actividade desenvolvida no sistema e a súa correspondencia co autorizado.
- Aprobar os cambios na configuración vixente do Sistema de Información.
- Asegurar que os controis de seguridade establecidos son cumpridos estritamente.
- Asegurar que son aplicados os procedementos aprobados para manexar o Sistema de Información.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- Supervisar as instalacións de hardware e software, as súas modificacións e melloras para asegurar que a seguridade non está comprometida e que en todo momento axústanse ás autorizacións pertinentes.

- Monitorar o estado de seguridade proporcionado polas ferramentas de xestión de eventos de seguridade e mecanismos de auditoría técnica.

6.4 Funcións do Comité de Seguridade da Información

As funcións propias dun Comité de Seguridade da Información son as seguintes:

- Atender as solicitudes, en materia de Seguridade da Información, da Administración e dos diferentes roles de seguridade e/ou áreas informando regularmente o estado da Seguridade da Información.

- Asesorar en materia de Seguridade da Información.

- Resolver os conflitos de responsabilidade que poidan aparecer entre as diferentes unidades administrativas.

- Promover a mellora continua do sistema de xestión da Seguridade da Información. Para iso encargarase de:

- o Coordinar os esforzos das diferentes áreas en materia de Seguridade da Información, para asegurar que estes sexan consistentes, aliñados coa estratexia decidida na materia, e evitar duplicidades.

- o Propoñer plans de mellora da Seguridade da Información, coa súa dotación orzamentaria correspondente, priorizando as actuacións en materia de seguridade cando os recursos sexan limitados.

- o Velar porque a Seguridade da Información se teña en conta en todos os proxectos desde a súa especificación inicial ata a súa posta en operación. En particular deberá velar pola creación e utilización de servizos horizontais que reduzan duplicidades e apoien un funcionamento homoxéneo de todos os sistemas TIC.

- o Realizar un seguimento dos principais riscos residuais asumidos pola Administración e recomendar posibles actuacións respecto de eles.

- o Realizar un seguimento da xestión dos incidentes de seguridade e recomendar posibles actuacións respecto de eles.

- o Elaborar e revisar regularmente a Política de Seguridade da Información para a súa aprobación polo órgano competente.

- o Elaborar a normativa de Seguridade da Información para a súa aprobación en coordinación coa Dirección Xeral.

- o Verificar os procedementos de seguridade da información e demais documentación para a súa aprobación.

- o Elaborar programas de formación destinados a formar e sensibilizar ao persoal en materia de Seguridade da Información e en particular en materia de protección de datos de carácter persoal.

- o Elaborar e aprobar os requisitos de formación e cualificación de administradores, operadores e usuarios desde o punto de vista de Seguridade da Información.

- o Promover a realización das auditorías periódicas ENS e de protección de datos que permitan verificar o cumprimento das obrigacións da Administración en materia de seguridade da Información.

6.5 Procedementos de designación

A designación dos Responsables identificados nesta Política foi realizada por Decreto de Alcaldía nº. 195/2026, do 17/03/2026, do Concello de Laxe, e comunicada ás partes afectadas mediante notificación electrónica.

Os roles de seguridade serán revisados cada catro anos no caso de que exista unha vacante, a mesma deberá ser cuberta no prazo dun mes, seguindo o mesmo procedemento.

6.6 Resolución de conflitos

Se houberse conflito entre os Responsables, será resolto polo Comité de Seguridade da Información.

7.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O Concello de Laxe, no tratamento dos datos persoais, cumpre cos principios e obrigacións da normativa vixente, entre outra o Regulamento 679/2016, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos-RGPD-) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais, respectando, en todo caso, o dereito fundamental á



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

protección de datos persoais, a intimidade e o resto dos dereitos fundamentais recoñecidos tanto na lexislación e tratados internacionais como na Constitución vixente.

8. DESENVOLVEMENTO DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

O cumprimento dos obxectivos marcados nesta Política de Seguridade levase a cabo mediante o desenvolvemento de documentación que compoñen as normas e procedementos de seguridade asociados ao cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade. Para a súa organización definiuse unha Norma para a Xestión da Documentación, que establece as directrices para a organización, xestión e acceso.

A revisión anual da presente Política corresponde ao Comité de Seguridade da Información propoñendo no caso de que sexa necesario melloras da mesma, para a súa aprobación por parte do mesmo órgano que a aprobou inicialmente.

9. TERCEIRAS PARTES

Cando o concello preste servizos a outros organismos, ou manexar información doutros organismos, faráselles partícipe desta Política de Seguridade da Información. O Concello de Laxe definirá e aprobará as canles para a coordinación da información e os procedementos de actuación para a reacción ante incidentes de seguridade, así como o resto das actuacións que o Concello leve a cabo en materia de Seguridade en relación con outros organismos.

Cando o Concello de Laxe utilice servizos de terceiros ou ceda información a terceiros, faráselles partícipe desta Política de Seguridade e da Normativa de Seguridade existente que incumba aos devanditos servizos ou información. Esta terceira parte quedará suxeita ás obrigacións establecidas na mencionada normativa, podendo desenvolver os seus propios procedementos operativos para satisfacela. Estableceranse procedementos específicos de comunicación e resolución de incidencias.

Garantirase que o persoal de terceiros estea adecuadamente concienciado en materia de seguridade, polo menos ao mesmo nivel que o establecido nesta Política de Seguridade.

De igual modo, tendo en conta a obrigación de cumprir co disposto nas Instrucións Técnicas de Seguridade recollida na Disposición adicional segunda (Desenvolvemento do Esquema Nacional de Seguridade) do Real Decreto Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, e en consideración á Instrución Técnica de Seguridade de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, onde se establece que os operadores do sector privado que presten servizos ou prover solucións ás entidades públicas, aos que resulte esixible o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade, deberán estar en condicións de exhibir a correspondente Declaración de Conformidade co Esquema Nacional de Seguridade cando se trate de sistemas de categoría BÁSICA, ou a Certificación de Conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, cando se trate de sistemas de categorías MEDIA ou ALTA.

Cando algún aspecto desta Política de Seguridade non poida ser satisfeito por unha terceira parte segundo requírese nos parágrafos anteriores, requirirase un informe do Responsable de Seguridade que precise os riscos en que se incorre e a forma de tratalos. Este informe deberá ser aprobado polos responsables de información e os servizos, con carácter previo ao comezo da relación coa terceira parte.

Intervén o sr. alcalde explicando brevemente a proposta, e non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

Non habendo intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo) 2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do concelleiro non adscrito (Don Fernando del Moral Regaldíe)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIONES: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Aprobado a Política de Seguridade da Información do Concello de Laxe, segundo o documento anexo a esta proposta.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello a Política de Seguridade da Información do Concello de Laxe.

5. ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL. EXPTE. NÚM. 2026/A006/000002.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Expediente nº 2026/A006/000002

Visto que en data 13/07/2010 a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento da Administración electrónica en Galicia, prorrogándose a través de distintas addendas ao convenio ata o 09/07/2018.

Visto que continuando esta liña de colaboración, en data 12/11/2018 a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento da Administración electrónica da C.A. de Galicia, prorrogándose a través de distintas addendas ao convenio ata o 31/12/2024, e ao que agora se pretende dar continuidade a través dun novo convenio de colaboración, no que ademais dos servizos incluídos en convenios anteriores se inclúan novos ámbitos de colaboración atendendo ás situacións e posibilidades de desenvolvemento de servizos dixitais, ou de xestión de recursos dixitais.

Visto que este novo marco de colaboración xurde nun contexto extratécnico que ten que dar resposta aos requirimentos establecidos polos plans de actuación e marcos normativos europeos, estatais e autonómicos deste ámbito, e de xeito especial á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Visto que o artigo 3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia recolle os fins da dita lei, a cooperación interadministrativa e a reutilización dos servizos e dos compoñentes técnicos como mecanismo esencial para asegurar a interoperabilidade. E que esta cooperación prestará atención á Administración local galega, para o que se abordarán as necesarias medidas de fomento e apoio.

Visto que o artigo 128 da antedita lei establece a cooperación e colaboración con outros organismos, establece tamén o impulso das relacións de colaboración e cooperación necesarias coas restantes administracións públicas presentes no territorio galego coa finalidade de favorecer o achegamento dixital á cidadanía nas súas relacións coa administración e que a Administración xeral e as entidades públicas do sector público autonómico de Galicia deberán impulsar a colaboración co resto das administracións públicas para a posta en marcha de servizos interadministrativos integrados e a compartición de infraestruturas, as técnicas e os servizos comúns que permitan a racionalización dos recursos das tecnoloxías da información e a comunicación a todos os niveis.

Visto que o obxectivo último é de acadar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable, en definitiva, eficiente e útil de cara a toda a cidadanía, é de interese de todas as partes asinantes aprobar un marco estable de colaboración en materia de Administración electrónica, co fin de dar cumprimento ás prescricións legais en vigor e ás que poidan derivarse de normativas futuras do nivel autonómico ou estatal.

Visto que o obxectivo deste convenio é o de establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades locais de Galicia para a compartición de plataformas, infraestruturas, recursos e servizos que contribúan ao desenvolvemento continuado dunha administración dixital, que permita unha maior aproximación á cidadanía e unha prestación máis eficiente dos servizos públicos.

Visto o catálogo de servizos, infraestruturas e servizos postos a disposición deste novo convenio.

Vistas as obrigas, responsabilidades e compromisos que asume esta entidade local coa adhesión a este convenio e tendo en conta o interese para esta entidade.

Visto o que antecede e de conformidade coas atribucións conferidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, propoño ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro. Manifestar a vontade deste Concello de Laxe de adherirse formal e expresamente ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento dunha administración dixital, en virtude das previsións contidas no clausulado do mesmo, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas as súas cláusulas.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Segundo. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente en representación do Concello de Laxe para a sinatura do convenio.”

Intervén o sr. alcalde explicando brevemente a proposta, e non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo) 2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do concelleiro non adscrito (Don Fernando del Moral Regaldie)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

Primeiro. Manifestar a vontade deste Concello de Laxe de adherirse formal e expresamente ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento dunha administración dixital, en virtude das previsións contidas no clausulado do mesmo, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas as súas cláusulas.

Segundo. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente en representación do Concello de Laxe para a sinatura do convenio.

B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

6. MOCIÓN GRUPOS MUNICIPAIS:

6.1. MOCIÓN SOBRE A INSTALACIÓN DA MÁQUINA DE CLIMATIZACIÓN DA BIBLIOTECA/SALÓN DE ACTOS SEN ACORDO PREVIO COA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS. EXPTE. NÚM. 2026/G006/000005.

Dase conta da seguinte moción:

“MOCIÓN SOBRE A INSTALACIÓN DA MÁQUINA DE CLIMATIZACIÓN DA BIBLIOTECA/SALÓN DE ACTOS SEN ACORDO PREVIO COA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS

María Cristina Vázquez del Prisco portavoz 2ª do Grupo municipal do BNG no concello de LAXE, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Laxe executou a instalación dunha máquina de climatización destinada á Biblioteca/Salón de Actos nun espazo que forma parte dunha comunidade de propietarios da que o propio Concello de Laxe é copropietario.

A devandita actuación foi realizada sen que existise acordo previo da comunidade de propietarios, requisito esixible conforme á normativa reguladora do réxime de propiedade horizontal, vulnerando os dereitos do resto de copropietarios e copropietarias e xerando un conflito veciñal que podería terse evitado cunha actuación dialogada e respectuosa coa legalidade.

A instalación presenta graves deficiencias técnicas e de localización, que están a causar importantes prexuízos ás vivendas e aos espazos colindantes. En concreto:

A parte de produción da máquina expulsa un caudal aproximado de 40.000 m³/h. No verán, o aire expulsado alcanza temperaturas de entre 35 a 50°C, mentres no inverno descende até valores de entre 5°C e -5°C, provocando un deterioro progresivo da fachada e dos seus elementos construtivos, como cristais, siliconas e outros materiais.

A elevado presión xerada polos ventiladores impide a apertura da maioría das fiestras das vivendas situadas nas plantas superiores. Nas que se poden abrir, prodúcese a entrada directa de aire extremadamente quente no verán e moi frío no inverno, afectando gravemente á habitabilidade, ao confort e á salubridade das persoas residentes.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

A máquina atópase instalada nun espazo soterrado, o que limita de maneira moi significativa a eficacia do sistema de freecooling, cun caudal aproximado de 2.900 m³/h, moi inferior ao dos ventiladores de produción. Esta circunstancia, xunto coa ausencia dun escape natural axeitado, provoca que o aire viciado sexa arrastrado e expulsado cara ás vivendas, locais superiores e persoas viandantes.

Cómpre salientar tamén a existencia de contaminación acústica e vibracións, ao estar a máquina situada a escasos 15 centímetros da fachada do edificio, sen respectar as distancias mínimas recomendadas para este tipo de instalacións, transmitíndose directamente á estrutura do inmovible.

Así mesmo, para a colocación dos condutos de climatización realizáronse perforacións en cristais e na fachada do edificio, así como actuacións de soporte dos condutos, levadas a cabo sen autorización, afectando a un xardín comunitario.

O BNG de Laxe considera que estes feitos supoñen unha actuación impropia dunha administración pública, máis aínda cando o Concello é parte da comunidade de propietarios afectada e debería actuar con especial dilixencia, exemplaridade e respecto polos dereitos da veciñanza.

Sobre o informe técnico municipal

O BNG de Laxe considera inaceptable a proposta final coa que conclúe o informe técnico municipal emitido en relación co esta problemática, tanto polo seu contido como polo enfoque adoptado.

Cómpre salientar, en primeiro lugar, que o informe carece de sinatura por parte do persoal técnico competente, o que pon en cuestión a súa validez como documento técnico e como base para xustificar ou pechar unha actuación municipal controvertida.

O informe conclúe cunha proposta final que literalmente establece:

1. “PROPOSTA

En atención ao anterior, propoño:

1. Requirit á solicitante parq que, no prazo legalmente establecido:

- Acredite a condición de presidenta e representante da Comunicade de Propietarios ou, se é o caso, aclare que actúa exclusivamente en nome propio.

- Efectúe o pagamento da taxa correspondente pola expedición de informe técnico, consonte a Ordenanza Fiscal nº 5.

2. Facelo constar expresamente na resposta que, segundo a información municipal dispoñible, a unidade exterior de climatización é un equipo de titularidade municipal, instalado polo Concello de Laxe, e que non se está instalando en ningún patio comunitario senón en dominio público municipal.

3. Indicar que, unha vez cumpridos os requisitos administrativos e, de apreciarse posibles molestias ou indicios de incumprimento da normativa de rúidos, poderanse realizar as medicións que se consideren oportunas e, se procede, adoptar as medidas correctoras que correspondan.”

Para o BNG de Laxe, esta proposta final resulta xurídicamente insuficiente e políticamente improcedente, xa que:

- Despraza o foco do problema cara á lexitimación formal da veciñanza, cando existen afeccións obxectivas que deben ser avaliadas de oficio polo Concello.
- Condiciona a actuación municipal ao pagamento dunha taxa, cando a instalación é de titularidade municipal e foi executada polo propio Concello.
- Dá por válida, sen acreditación técnica suficiente, a consideración de dominio público municipal, sen abordar a afección real aos elementos comúns da comunidade nin a ausencia de acordo previo.
- Apraza calquera actuación correctora á eventual constatación de molestias futuras, en lugar de avaliar e corrixir unha instalación xa executada e cuestionada.

Este enfoque non resolve o conflito existente, no protexe os dereitos da veciñanza e non responde ás obrigas que lle corresponden ao Concello como administración pública e como copropietario.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG de Laxe propón ao Pleno do Concello de Laxe a adopción do seguintes ACORDOS:

1. Recoñecer expresamente que a a instalación da máquina de climatización da Biblioteca/Salón de Actos foi executada sen acordo previo da comunidade de propietarios, da que o Concello de Laxe é copropietario.

2. Rexeitar a proposta final incluída no informe técnico municipal, por considerala insuficiente, improcedente e carente da sinatura técnica necesaria, ao non dar resposta ao fondo da problemática exposta pola veciñanza.

3. Acordar que non se pode condicionar a avaliación nin a corrección dunha instalación municipal ao pagamento de taxas nin á acreditación formal da representación veciñal, cano existen indicios claros de



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

afeccións á habitabilidade, á salubridade e aos elementos comúns.

4. Instar ao Goberno municipal a encargar de oficio un informe técnico independente, completo e debidamente asinado, que avalíe a instalación desde o punto de vista acústico, vibratorio, ambiental, estrutural e urbanístico.

5. Dispoñer que, á vista dese informe, se proceda á modificación, reubicación ou retirada da instalación, se se constata o incumprimento da normativa vixente ou a existencia de prexuízos ás vivendas e aos espazos comúns.

6. Comprometer ao Concello de Laxe á restitución dos elementos da fachada e das zonas comúns afectadas, asumindo integramente os custos derivados das actuacións realizadas sen autorización previa.

7. Garantir que calquera actuación futura en espazos comúns ou colindantes con comunidades de propietarios se realice previo acordo da comunidade afectada, con transparencia, información suficiente e respecto á legalidade vixente.”

A concelleira do BNG, dona María Cristina Vázquez del Prisco fai unha breve explicación da moción indicando que o seu desexo é defender os intereses dos veciños.

O concelleiro non adscrito, don Fernando del Moral Regaldíe manifesta o seu apoio á moción presentada polo BNG.

O sr. alcalde indica que están a traballar na emenda das queixas e matiza que o proxecto está debidamente asinado de validado pola Xunta.

Tras un breve intercambio de impresións sobre a oportunidade ou non, da localización da instalación, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 3 [2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do concelleiro non adscrito (Don Fernando del Moral Regaldíe)]

VOTOS EN CONTRA: 6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo).

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto queda rexeitada a presente moción.

6.2. MOCIÓN SOBRE A APERTURA E LICITACIÓN DO PAI MUNICIPAL DE LAXE. EXPTE. NÚM. 2026/G006/000005.

Dase conta da seguinte moción:

“MOCIÓN DO BNG PARA A APERTURA E LICITACIÓN DO PAI MUNICIPAL DE LAXE

María Cristina Vázquez del Prisco, portavoz 2a do Grupo municipal do BNG no concello de LAXE, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Laxe, cunha poboación aproximada de 2.920 habitantes e unha estrutura demográfica envellecida, afronta un reto significativo de fixación de poboación nova e apoio á conciliación familiar. A creación dun Punto de Atención á Infancia (PAI) 0-3 anos constitúe unha ferramenta esencial para garantir:

- Atención educativa e asistencial de calidade para os menores.
- Apoio á conciliación da vida laboral e familiar.
- Medidas activas de política social e demográfica para a localidade.

Segundo o Decreto 329/2005, os Puntos de Atención á Infancia deben cumprir requisitos de espazo, persoal cualificado e ratios máximas de nenos/as, así como a coordinación coa Xunta de Galicia e a súa liña de axuda BS420D.

O expediente técnico-económico preparado polo Concello demostra que a viabilidade financeira do PAI é posible a partir dunha ocupación mínima de 14 prazas, con financiamento complementario mediante subvención autonómica e achega municipal. A experiencia doutros concellos galegos confirma que a externalización do servizo mediante contrato de servizos, cun prezo fixo anual e criterios de calidade educativa, é a vía máis eficaz para garantir tanto a eficiencia como a calidade do servizo.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Ademais, a participación das familias, regulada mediante estatuto de participación e mecanismos de avaliación e enquisa de satisfacción anual, asegura transparencia e corresponsabilidade.

Un recurso que como xa se ten falado neste pleno municipal leva creado dende o 2017 e finalizado no 2019 e que permanece pechado, mentras as crianzas laxenses e as súas familias teñen que ir a outros concellos para optar a uns servizos socioeducativos durante os seus primeiros 3 anos de vida.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG de Laxe propón ao Pleno do Concello de Laxe a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar a apertura do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Laxe para nenos/as de 0-3 anos.
2. Sacar a concurso a xestión do PAI mediante contrato de servizos, conforme ao expediente técnico e pregos elaborados polo Concello, garantindo a cobertura dos criterios de calidade educativa, ratios, seguridade e participación familiar.
3. Autorizar á Alcaldía/Concellería delegada para a firma e tramitación de todos os documentos necesarios, incluíndo publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público e tramitación das subvencións correspondentes (líña BS420D).
4. Instar á Xunta de Goberno Local a incluír este expediente no seu plan anual de accións e dar prioridade á súa execución inmediata.
5. Incorporar aos informes de seguimento anual a memoria técnica, económica e de satisfacción das familias, así como o plan estratéxico 2026-2030, garantindo a revisión e mellora continua do servizo.
6. Promover campañas de captación de matrícula e medidas complementarias de conciliación familiar, garantindo a viabilidade económica e social do PAI.

ANEXO:

EXPEDIENTE COMPLETO PAI – CONCELLO DE LAXE

– PROVIDENCIA DE INICIO

O Alcalde/Concellería Delegada ordena a incoación do expediente para a contratación da xestión do Punto de Atención á Infancia (PAI) municipal de Laxe e a elaboración dos informes técnicos, económicos e xurídicos necesarios, incluíndo a actualización do cadro de persoal mínimo esixido.

– MEMORIA XUSTIFICATIVA

O municipio de Laxe, cunha poboación aproximada de 2.900 habitantes e unha tendencia demográfica de envellecemento, require garantir un servizo estable e de calidade para a atención educativa de nenos e nenas de 0 a 3 anos.

A demanda estimada sitúase entre 10 e 15 prazas anuais, polo que se considera necesario manter un PAI municipal con capacidade suficiente e persoal adecuado.

– INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS PROPIOS

Certifícase que o Concello non dispón de persoal cualificado en Educación Infantil nin de persoal de servizos suficiente para garantir a atención educativa e asistencial mínima.

Por tanto, considérase imprescindible a contratación externa da xestión do servizo.

– ESTUDO ECONÓMICO-FINANCIERO

Custes anuais estimados segundo novo persoal mínimo:

Concepto	Custe estimado
2 Técnicas de Educación Infantil	2 x 21.000 € = 42.000 €
Persoal xeral de servizos (0,5 xornada)	8.000 €
Subministracións	4.000 €
Limpeza	3.000 €
Material didáctico	2.000 €
Seguro RC	800 €
TOTAL ESTIMADO	59.800 €

Financiamento

- Subvención autonómica BS420D: ~3.200 €/praza ocupada.
- Punto de equilibrio: 18-19 prazas.

5. INFORME DEMOGRÁFICO

- Poboación total: ~2.920 habitantes (2025).
- Alta taxa de envellecemento.
- Demanda estimada: 10-15 nenos/as de 0-3 anos.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

– Necesidade de garantir conciliación e continuidade do servizo.

6. PROPOSTA DE MODELO DE XESTIÓN

- Tipo: Contrato de servizos.
- Duración: 2 anos + 2 prórrogas.
- Prezo fixo anual.
- Coordinación coa Xunta de Galicia.
- Avaliación anual obrigatoria.

7. PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS (PPT)

- Capacidade máxima: 20 prazas.
- Persoal mínimo esixido:
 - 2 Técnicas/os Superiores en Educación Infantil (xornada completa): ratio 10 crianzas/1 educadora
 - 1 Persoa de servizos xerais a media xornada (apoio en limpeza, cociña, mantemento básico e tarefas auxiliares).
- Outros requisitos
 - Proxecto educativo anual.
 - Seguro de RC mínimo: 300.000 €.
 - Enquisa anual de satisfacción.
 - Memoria anual obrigatoria.

8. PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS (PCAP)

- Tipo de contrato: servizos.
- Procedemento: aberto simplificado.
- Duración: 2+2 anos.
- Criterios de adxudicación:
 - Proxecto educativo: 35 puntos
 - Experiencia: 15 puntos
 - Melloras: 15 puntos
 - Oferta económica: 35 puntos
- Garantía definitiva: 5%.

9. INFORME XURÍDICO

O expediente axústase á Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e ao Decreto 329/2005.

Procede a súa aprobación e licitación.

10. INFORME DE INTERVENCIÓN

Consta crédito adecuado e suficiente.

O orzamento está debidamente xustificado. Non se aprecian reparos.

11. PROPOSTA DE ACORDO PARA XUNTA DE GOBERNO

- Aprobar o expediente de contratación actualizado.
